

## MESA SECTORIAL DO DÍA 13 DE NOVEMBRO DE 2018

### 1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O 4 DE SETEMBRO DE 2018.

Apróbase a acta da sesión celebrada o día 4 de setembro tras as alegacións feitas polas Organizacións Sindicais.

### 2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: CONCURSO DE ORIENTACIÓN.

En primeiro lugar desde ANPE consideramos que a Administración debe convocar tamén o Concurso de Adultos, independentemente do número de prazas para favorecer a mobilidade do profesorado e sendo un Concurso específico da autonomía.

Con respecto ao **CONCURSO DE ORIENTACIÓN**, o texto presentado é un texto continuista, non hai avances con respecto a outros anos. O principal problema xa reiterado desde ANPE Galicia convocatoria tras convocatoria, é o feito de que se descoñece totalmente, porque está sen perfilar e sen definir, unha rede de Orientación Educativa na nosa Comunidade. Consideramos que por aí se debería comezar o traballo e mái, nos tempos actuais, cunha nova Conselleira que, pola súa traxectoria profesional, debería ter unha especial sensibilidade coas necesidades educativas especiais e cando a Ministra de Educación tamén incide neste tema. Para ANPE é fundamental ter definida unha ampla Rede de Orientación Educativa e **DEMANDAMOS ORIENTADOR/A EN TODOS OS CENTROS EDUCATIVOS.**

Con respecto á base 6ª da convocatoria solicitamos que se inclúa tamén a opción da presentación por vía electrónica xa que estamos detectando que no Concurso de Traslados, que está actualmente aberto, os rexistros están poñendo moitos problemas para a entrega de documentación en formato papel. Polo tanto, débese facilitar tamén outro sistema de entrega, como pode ser a vía electrónica cunha explicación detallada. Non dubidamos da validez das instancias pero si se nos plantexan serias dúbidas sobre a validez da achega de documentación a través do escaneado que poida facer o profesorado desde a súa casa.

En relación aos prazos de solicitude recollidos na base 7ª da Orde de convocatoria pedimos que non se solapen os prazos cos actuais do Concurso Xeral de Traslados para que o profesorado non teña que facer dous procesos de tanto calado ao mesmo tempo. Aproveitamos para preguntar a data prevista de publicación desta Orde no Diario Oficial de Galicia. ANPE Galicia tamén demanda que se amplíe o prazo de presentación de solicitudes de 15 a 20 días. **A Administración resposta que non se van a solapar os prazos de presentación de solicitudes do Concurso Xeral de Traslados e do Concurso de Orientación.**

En canto á suba de puntuación no baremo para os membros dos tribunais, desde ANPE Galicia debemos dicir que nos parece axeitado sempre e cando os Presidentes dos tribunais de oposicións sexan nomeados por sorteo ao igual que ocorre cos vogais. No apartado 2.1.3 e 2 do baremo debe darse outra redacción xa que fala de subgrupos inferiores cando non os hai. Por outra banda desde ANPE consideramos que se debe

eliminar toda a carga meritocrática do baremo máxime tendo en conta que a ampla maioría deste tipo de postos son de designación libre.

**En canto ás vacantes insistir en que desde ANPE Galicia demandamos a lo menos unha vacante en cada centro educativo e, cando menos, deberían quedar claramente recollidos no texto da Orde os criterios de adscrición de orientadores/as a outros centros educativos. Non imos achegar ningunha suxerencia de resultas compartidas (máxime cando compartidos se lle chama a un centro que só dispón de orientador/a 1 día á semana). Desde a nosa Organización non estamos dispostos a “descuartizar” prazos.** Dubidamos da razón esgrimida sobre centros que antes necesitaban orientador/a e agora non o precisan máxime tendo en conta as súas funcións no centro e o aumento de alumnado con necesidades educativas específicas.

### **3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROLDA DE INTERVENCIÓNS.**

- Demandamos que pasen pola Mesa as actas das Mesas Sectoriais da negociación do Acordo Retributivo. **A Administración as traerá en vindeiras Mesas.**
- ANPE Galicia considera que as especialidades de oposicións 2019 se deberían negociar na Mesa Sectorial e non limitarse a ser comunicadas previamente no Parlamento, o cal deixa pouca marxe de negociación. **A Administración continúa a afirmar que non é ámbito desta Mesa.**
- **ANPE Galicia solicita unha fronte común de todas as OOSS para demandar o cobro da parte das pagas extras que nos adebedan desde o ano 2013.** Só hai dúas comunidades que non o cobraron, Galicia e Cataluña e nesta última xa se comezan a tomar pasos no Parlamento. Demandamos un compromiso firme do goberno da Xunta de Galicia para cobrar ese diñeiro. **A Administración continúa a afirmar que non é ámbito desta Mesa.**
- **ANPE Galicia demanda novamente a restitución do cobro dos meses de verán para os substitutos/as que traballen máis de 5,5 meses no curso.** ANPE Galicia non está disposta a renunciar a este punto. **A Administración repite a mesma resposta que para a cuestión anterior.**
- Demandamos de novo a creación e implantación da figura de persoal de enfermería nos centros educativos.
- ANPE Galicia manifesta de novo a súa queixa pola certificación lingüística por empresas externas á marxe das EOI.
- ANPE Galicia denuncia o problema xurdido coa actualización da aplicación de xestión de lista de substitucións e coa listaxe de códigos de centros inserida no aplicativo do Concurso Xeral de Traslados.
- **ANPE Galicia demanda información sobre o cobro das cantidades de MUFACE a partir do día 91 de baixa. A comisión de nóminas reunida en Xaneiro de 2018 se acordou solicitar un informe xurídico da Asesoría Xeral da Xunta de Galicia. Este informe se retrasou por cuestións internas pero recoñece o dereito do persoal do réxime especial da Seguridade Social a percibir o 100% das retribucións a partir do día 91. Se emitirán unhas**

# MESA SECTORIAL



instrucciones de nómina que se están a elaborar. Cando estean asinadas se dará unha información completa de como se vai a realizar o proceso. Polo tanto hai unha resolución favorable e os que presentaron recurso recibirán unha resposta favorable. Queda, polo tanto, por dirimir como se vai a realizar o proceso.

- En relación ao Concurso Xeral de Traslados demandamos información sobre a puntuación de titorías ao profesorado substituto xa que desde a Administración se nos trasladou que non se ía puntuar (soamente se puntuará a interinos e profesorado con destino de curso completo). **A Administración confirma que non se puntuarán titorías efectuadas en substitucións porque non hai nomeamentos como titores nesta situación.**

Sen máis temas que tratar, péchase a sesión sendo as 12:50 horas.



**ANPE**  
**SINDICATO INDEPENDIENTE**  
**GALICIA**